

PATRIMONIO e MEMORIA





INICIO

As **FICHAS DE PATRIMONIO** que vos presentamos, e que son a base do programa formativo "**O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos**", están deseñadas para traballar co voso alumnado diversos aspectos relacionados co patrimonio cultural da ruta xacobeá.

Cada unha das fichas ordénase nunha secuencia semellante á que se establece nas etapas do Camiño. As conclusións extraídas co traballo de cada unha delas serán abertas e susceptibles de relacionarse coas elaboradas para outros contidos temáticos.

Non son un "manual de instrucións" senón que presentan unha serie de pautas para que os docentes poidades tomar o que máis vos conveña en función das características e intereses do grupo ao que vos dirixides.

Estrutúranse do seguinte xeito:

→ Nun primeiro momento, e a xeito de treboada de ideas, plantexámosvos unha serie de ítems que o docente pode adaptar ás necesidades educativas da aula. Non se trata de que o alumnado dea unha resposta única a cada unha das cuestións, senón que se chegue, dentro da clase, a respostas globais que se debatan entre diferentes grupos flexibles organizados polo profesor.

→ Tras a posta en común sobre as respostas ás cuestións plantexadas, no apartado **PROPOÑEMOS** o profesor atopará unha serie de actividades realizables dentro e fóra da aula que completen os coñecementos adquiridos.

O plantexamento, tanto de ítems como de actividades, responde aos principios de interdisciplinaridade e aprendizaxe colaborativa. Poderán secuenciarse nas programacións da aula, constituíndo unha xornada final de traballo naquelas unidades didácticas nas que se aluda aos contidos teóricos que explican o Camiño de Santiago nas diferentes materias do currículo.


O obxectivo final do traballo cos materiais que aquí presentamos será a elaboración dun traballo de creación artística sobre o Camiño de Santiago.

Bo Camiño

O patrimonio cultural vincúlase directamente coa nosa memoria xa que nos conecta co noso pasado, tanto afastado como recente. A historia do patrimonio é a nosa propia historia e grazas a ela coñecemos de onde vimos e por que somos como somos.

Polo tanto, memoria e historia están relacionadas. Mais non son exactamente o mesmo: a historia é a memoria colectiva, elaborada con criterios científicos (conxunto dos sucesos ou feitos políticos, sociais, económicos, culturais, etc., dun pobo ou dunha nación); a memoria apela máis ao subxectivo, inclúe silencios e ten límites imprecisos.

Nesta ficha, as propostas irán enfocadas ao contacto cun conxunto de lembranzas e experiencias interxeracionais que serán o fío condutor para recuperar e construír a memoria do voso patrimonio cultural relacionado co Camiño de Santiago, que é a base do traballo artístico.



TESTEMUÑOS da nosa historia

Abordar desde un punto de vista histórico que é o Camiño de Santiago é fundamental para entendelo no seu conxunto. Os personaxes, datas, acontecementos e elementos patrimoniais que o forman achégannos a un pasado que vén dos nosos predecesores. É un grande agasallo con obrigas, xa que nos toca mantelo para os que virán despois e, ao tempo, transmitilo para que continúe vivo e con valor nesa historia da que somos parte.

E é que o Camiño de Santiago non xurdiu da nada. Aqueles/as do grupo que veñan de descubri-lo deben entender que é algo que desde o século IX formou parte da vida de moitas persoas. Agora propomos facelo parte da súa.

O Camiño de Santiago é froito do paso de séculos e para entendelo primeiro debemos coñecer a súa historia.

Teñen os mozos e mozas algún músico/a, escritor/a, cineasta, actor/actriz ou deportista favorito? Alguén de referencia que destaque nalgún campo?

Seguro que a pouco que preguntemos poderían dicirnos algo sobre esa persoa. Admíranla por algún motivo e coñecen a súa traxectoria por interese.

Moitas veces, vinculamos a historia con feitos moi remotos e pensamos que non ten interese ningún. Mais a vida do noso ídolo actual é historia e non só serve para coñecelo senón para formarmos un criterio sobre el, que nos pode servir para apoiar a nosa opinión. A historia serve para formar persoas cun criterio propio na vida. A súa importancia é, entre outras moitas, esta.

Dado que estamos coñecendo o Camiño de Santiago e o seu patrimonio cultural, imos comezar contextualizando como se orixinou. Lembra de que sen pasado non temos futuro e é aquí onde o patrimonio xoga un papel primordial.

Como en anteriores ocasións, é interesante que sexa o propio alumnado, co voso apoio, quen realice a busca da información.

Por que xorde o Camiño? Por que Santiago? Por que esa ruta?

Moitas das respostas xa as presentamos noutras fichas. Polo tanto, temos unha boa oportunidade para completar a información coñecida con outra igual de importante. Por exemplo, comezando coa contextualización do período no que xorden as peregrinacións: **a Idade Media.**

Que necesidade levou a peregrinar?

Entre os contidos relacionados que podedes aproveitar para coñecerdes máis da historia e configuración actual do Camiño de Santiago, propómosvos tres elementos:

1. Fontes documentais
2. Figuras relevantes
3. Contexto temporal

Podedes presentar a busca de información por grupos de traballo para posteriormente expor na aula.

1. Como fonte primaria de información temos para analizar o Códice Calixtino. Trátase do documento máis importante sobre a peregrinación xacobeá e é considerada a primeira e máis célebre guía do Camiño de Santiago. Escrito no século XII, componse de 225 pergameos que se dividen en cinco libros e dous apéndice.

- O primeiro libro compila os textos litúrxicos en honor do Apóstolo. O máis célebre é o sermón *Veneranda dies* (Capítulo XVII, Libro I), onde se ofrecen datos relevantes sobre o significado da peregrinación na Idade Media a Santiago.
- O segundo libro compila os vinte e dous milagres máis célebres do Apóstolo Santiago, acaecidos no camiño de peregrinación.
- O terceiro narra o traslado do corpo do Apóstolo Santiago.
- O cuarto menciona diversos episodios do Rei Carlomagno en España. Trátase dun texto literario relacionado cos cantares de xesta medievais onde se debulla a loita do emperador franco e de heroes como Roldán contra os musulmáns, o descubrimento da tumba de Santiago, a construción da cidade do Apóstolo e a liberación do Camiño de Peregrinación.
- O quinto é o chamado libro do Peregrino. É unha guía para realizar a ruta xacobeá, ofrecendo con grande precisión datos sobre lugares, xentes, xeografía, comidas e perigos ao longo do camiño, describindo tamén a Compostela do século XII e a súa catedral románica. Atribúese ao monxe francés Aymeric Picaud.

Os libros foron escritos en épocas diferentes e de xeito independente e conclúen cuns folios con notación musical, que constitúen as polifonías máis antigas de Occidente.

Desde as Administracións Públicas conseguiuuse a inclusión do Códice Calixtino no rexistro da «Memoria do Mundo» da UNESCO. Trátase dunha listaxe que abrangue o patrimonio documental considerado de importancia mundial, destinada á súa protección.

**Ocórreselle ao grupo que material documental da vosa localidade merecería ser incluído nesa listaxe?
Por que?**

O Códice Calixtino foi subtraído no ano 2012 e recuperado tras un ano perdido.

Lembrades os perigos aos que está exposto o patrimonio cultural?

**Propoñemos I: A música acompañanos ao longo
da nosa vida en...**

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

2. Outro elemento interesante é achegarse aos **personaxes históricos clave** que participaron na configuración do Camiño, tanto peregrinos como outros. Deste xeito conseguimos que sexan máis próximos ao grupo e comprender as súas motivacións dentro do seu contexto histórico. Propómosvos:

Apóstolo Santiago / Ximena Garcés / Diego Xelmírez / Santa Bríxida de Suecia

Carlomagno / Afonso II o Casto / Sancha de León / Santo Toribio

Sancho III o Maior / Santo Domingo da Calzada / Violante de Aragón

Entre os personaxes destacados incluimos varias mulleres.

Animámosvos a coñecer non só o básico do Camiño, senón tamén a ofrecer ao alumnado unha visión máis ampla do fenómeno, tentando descubrir información referida a outros aspectos non tan coñecidos mais igual de importantes no nacemento do Camiño de Santiago, como por exemplo o papel da muller.

É sen dúbida unha nova perspectiva para coñecer a memoria do Camiño, servindo como compoñente motivacional nunha época de igualdade como a nosa.

O papel da muller na Idade Media é sempre subordinado.

Repararon en que a maioría das súas accións están ligadas á figura do seu marido?

O debate preséntase só...

Para achegarse a algúns destes personaxes, podemos usar diferentes elementos iconográficos nos que aparezan representados. Cadros, esculturas, gravados, ilustracións, etc., poden axudarnos no noso labor. Moitas destas fontes de información eran elaboradas cun fin divulgativo, para dar a coñecer a figura e a relevancia dun determinado personaxe.

Podemos atopar algún paralelismo coa publicidade na actualidade?


O patrimonio está vivo e conta cousas, só debemos saber como escoitalo.

Como nos falan os obxectos patrimoniais? Para analizar unha obra, propómosvos seguir os seguintes pasos co voso grupo:

- Presentación da peza: pide que observen durante un tempo antes de comentar que ven.
- Repara nos detalles: márcanse características que poden pasar desapercibidas ou que son importantes para presentalas ao grupo na súa análise e opinión común (porta elementos externos; a súa vestimenta; decorados/escenarios que acompañan; expresións ou faccións; personaxes secundarios). Neste punto non é preciso coñecer moito sobre historia ou arte para responder ás cuestións, só sacar conclusións propias.
- Datos a ter en conta: danse os datos históricos e artísticos máis significativos da obra para que coñezan todos os seus aspectos. Se hai elementos que poden ser de interese, comentáremoslos.
- Cuestións para reflexionar: preséntanse puntos para formular, sendo algúns os máis relevantes da peza exposta mediante o que se descobre o significado real.

3. O Camiño de Santiago non sempre foi a grande ruta de peregrinación que coñecemos hoxe en día. Ao longo dos séculos pasou por diferentes momentos de esplendor. Por iso, suxerímosvos elaborar unha **liña do tempo** para ordenar os acontecementos destacados da súa historia, así como as datas clave, e que sexa máis sinxelo para o grupo visualizalo dun xeito espazo-temporal. Podemos iniciar o proceso de aprendizaxe desta ficha coa liña de tempo baleira e ir completándoa a medida que avanzamos; ou como punto final para que sirva de revisión para os contidos adquiridos sendo completada polo alumnado.


- Os inicios: o Ermitán Paio (tamén coñecido como Pelayo) e Carlomagno.
- Esplendor na Idade Media. Factores como a loita contra o Islam e a figura do Apóstolo como emblema, a situación da tumba nos «confíns da terra», a dificultade do traxecto como parte do sacrificio, e o establecemento de medidas de protección e florecemento de servizos para os peregrinos (hospitais, abadías, mosteiros) fan que sexa unha das principais rutas de peregrinación cristiás.
- A Idade Moderna e a decadencia das peregrinacións. Guerras en Europa, epidemias e nacemento doutros cultos cristiáns fan que a figura do peregrino cara Santiago case desaparecese.
- Séculos XIX e XX. O redescubrimento do Camiño. A recuperación comeza a finais do século XIX cando Miguel Payá e Rico, arcebispo de Santiago, redescobre os restos do Apóstolo e o Papa León XIII confirma a súa autenticidade.
- Finais do século XX e actualidade: fenómeno cultural e turístico. Patrimonio da Humanidade en 1993 (Camiño Francés) e 2015 (Camiños do Norte peninsular).



Que posición ocupa a vosa localidade e a súa historia na liña do tempo?

TESTEMUÑOS

da nosa memoria



Coñecida en profundidade a historia do Camiño de Santiago, é fundamental que o noso grupo comprenda que o que descubrimos é fácil de atopar en Internet, libros e guías. Mais hai outras historias que non se coñecen e quedan á sombra da máis importante. Isto é o que se denomina intrahistoria e nela a memoria xoga un papel esencial.

Que destacarían como o máis importante que ocorreu no centro educativo ou no barrio a semana pasada?

Quen foron os protagonistas?

Tivo algunha consecuencia no presente?

Estamos seguros de que durante a semana pasada ocorreron grande cantidade de feitos, algúns moi importantes, mais que quedaron eclipsados por un principal. Eses acontecementos que cada un podería contar, esas historias persoais, forman parte tamén da historia do que foi a semana pasada, mais quedan nun segundo plano. Mais, son relevantes? Seguro que tamén.

Pode que incluso algúns outros feitos estean vinculados ou sexan consecuencia diso tan importante.

Isto mesmo é o que pasa coa nosa historia. Os acontecementos máis relevantes son os que acaban por transcender mais hai moitos outros no día a día..

Extrapolemos o exemplo ao Camiño de Santiago. Os grandes personaxes, datas importantes ou acontecementos históricos relevantes son os que quedaron, mais o Camiño está conformado por miles de historias diferentes.

O monxe que escribiu o relato do Códice Calixtino foi un peregrino de entre todos os miles que nestes séculos pasaron polo Camiño. Hoxe en día é máis fácil facer chegar a nosa experiencia aos demais grazas á tecnoloxía, mais ata hai pouco non era tan sinxelo e a memoria de moitas persoas, vinculada a esta experiencia, quedou esquecida.

Polo tanto, nesta etapa queremos que a protagonista non sexa a historia, senón a memoria do Camiño contada por persoas próximas para o alumnado, de xeito que as súas vivencias enriquezan o coñecemento que xa teñen. Eles/as son igual de importantes.

Buscaron información do Camiño a través de blogs ou redes sociais?

Onde atopamos esa memoria?

Moitas desas experiencias poden vir da biografía dos/as habitantes da nosa localidade, familiares e veciños/as. Estas persoas, sobre todo as de maior idade, viron durante anos a transformación do Camiño pola localidade. Estes testemuños a xeito de narracións orais tamén teñen relación directa co patrimonio cultural que coñecemos. Terémolo en conta.

Propoñemos II: A narrativa oral é parte fundamental do Camiño de Santiago...

Nas narracións orais do Camiño de Santiago outro elemento fundamental son as lendas, que podemos atopar a dúcias: moitas localidades teñen a súa vinculada directamente con el. Estes relatos tamén forman parte da súa memoria e sérvennos para coñecer a nosa historia local. De feito, moitas pasaron a ser parte da identidade de cada localidade e desde o exterior son identificadas con elas. Este é un bo momento

para lembralas e coñecelas. Á fin e ao cabo, o que pretendemos é que, coñecendo o seu pasado, o noso grupo vaia formándose no respecto cara o Camiño, o seu patrimonio e a súa contorna, dándolles ao tempo un significado alén do histórico e involucrándose na súa conservación e difusión. Se finalmente todo este patrimonio queda no esquecemento, que perdemos? A nosa propia memoria.

Propoñemos III: Algunhas sociedades que perderon a súa memoria e non valoran o seu patrimonio...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

O descubrimento do Camiño escoitando outras persoas, coas súas lembranzas, tal e como expuxemos na proposta II, abre a etapa a un estreitamento de relacións interxeracionais entre o grupo e os membros de maior idade da súa localidade. Aproveitádeo, dado que é un recurso valioso: para as persoas maiores, para tomar constancia da súa valía ao comprobaren como outros amosan interese pola súa vida, e para o alumnado, para saíren do seu mundo e decatarse do que nos rodea, conseguindo que os mozos e mozas se identifiquen con elementos que forman parte do seu pasado e ao tempo do seu presente.

O patrimonio cultural non só é pasado, é futuro, de aí a súa importancia.

Para finalizar a etapa, dado que o patrimonio cultural está na orixe da nosa memoria, igual que rescatamos as vivencias doutras persoas relacionadas co Camiño, imos rescatar a memoria doutro tipo de patrimonio cultural tamén próximo a nós e á nosa localidade.

Para iso, a proposta anterior non só pode servírnos para falar do Camiño de Santiago, senón tamén da transformación do patrimonio cultural da nosa localidade co paso dos anos.

De entre todo o patrimonio que xa coñecemos, cal vos interesa redescubrir?

Así pois, imos pór en valor eses testemuños recollidos por medio de outras cuestións máis concretas sobre diversos elementos patrimoniais. Tomade os que pensades que poden estar máis vinculados co voso grupo: personaxes, lugares, monumentos, vivendas, paisaxes, industrias, celebracións relixiosas, aspectos da vida cotiá, transformacións ou mudanzas que se produciron co paso do tempo, etc.

Como eran antes as celebracións máis importantes? Como se divertían nelas?

Por que o noso centro escolar se chama como se chama? Ten vinculación con alguén da localidade? Tivo outro nome?


Como era antes a vida no centro?

Descubrir o porqué dos nomes do noso centro educativo, rúas e prazas fai que teñan máis sentido e non só sexa algo utilitario.

Lembrades as fotografías actuais da vosa localidade que vos pedimos que tomasen para a proposta IV da «Ficha patrimonio e identidade»? Poñédeas en comparación con ese mesmo lugar tal e como era fai anos para comprobar como mudou a vosa localidade. Usade para iso fotografías antigas dese mesmo espazo que poidan atopar nas súas casas, Internet ou en arquivos municipais. Por último, amosádeas aos entrevistados e comprobade como mudou todo.

PROPOÑEMOS

As propostas que presentamos a continuación son actividades de motivación orientadas a complementar as competencias e os contidos do currículo de Educación Secundaria Obligatoria, dentro do obxectivo que se marca o programa formativo «**O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos**». Nesta ficha incluimos propostas para:



EDUCACIÓN
PLÁSTICA



CIENCIAS
SOCIAIS



HISTORIA



MÚSICA



LINGUA

Proposta I: Música

A música acompañanos ao longo da nosa vida en... moitos momentos, como tamén acompañaba aos peregrinos. As cancións tiñan unha función didáctica que, ademais das imaxes, facían de formación para peregrinos, fortalecendo a súa relixiosidade e dando información valiosa sobre a ruta, servindo tamén como momento de repouso.

Trobadores e xograres, característicos do momento, percorrían Europa coas súas cancións de xesta narrando a vida de personaxes, relatando a dificultade do Camiño en certos treitos e divulgando o seu coñecemento por cada localidade que pasaban. Destacámosvos dous exemplos nos que se fai referencia ao Camiño de Santiago:

“Cantar del Mío Cid”

“Ya se parte Don Rodrigo,
Que de Vivar se apellida
Para visitar Santiago
Donde va de romería...”

“Cantigas de Santa María” (*Non é gran cousa*)

“Semellanza fillou de Santiago
e disse: “Macar m' éu de ti despago,
a salvaçon éu cha trago
do que fust' errar,
por que non cáias no lago
d' iférno, sen dultar”

Tamén acabamos de ver como no Códice Calixtino a música está presente. Nel inclúense tres partes, con partituras e elementos musicais:

- O primeiro libro inclúe a música dos oficios e as misas, así como un suplemento gregoriano. Unha das pezas é polifónica, o resto, monódicas.
- O apéndice I contén 21 pezas polifónicas: 7 Benedicamus, 4 responsorios, 5 conductus, 2 Kyries, 1 Gradual, 1 prosa e 1 Aleluia.
- O apéndice II inclúe «**O Canto de Ultreia**» (*Dum pater familias*). É o máis antigo e importante canto de peregrinos, pois constitúe o testemuño máis universal da música de peregrinación compostelá e referencia do culto xacobeo durante séculos.

Nestes enlaces podedes escoitar e coñecer a letra desta canción que hoxe en día é considerada o himno dos peregrinos.

https://www.youtube.com/watch?v=_AEUabPDIno

https://www.youtube.com/watch?v=ps8TDCYY_Dc

(Interpretado polos representantes das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago)

Polo tanto, temos dous modos de traballar coa música no noso programa formativo:

- como tipo concreto de música (polifonías e cantos), coas súas características e repertorio deste período, vinculada ao Camiño e que nos conecta coa Idade Media.
- ou como parte da vida das persoas, que chega a definir a súa identidade e é importante como peza do patrimonio cultural.

Se cadra, ao voso grupo non lles interesa o tipo de música que vos propoñemos agora, mais se van realizar o Camiño de Santiago estamos convencidos de que eles van levar a súa propia música, a súa *playlist* para o Camiño. Que función vai ter? Por que elixen unha ou outra?

Propoñédelles que a creen en común buscando vincular a música con outros aspectos: superación, alegría, etc. Hoxe en día son varios os artistas que realizan o Camiño e despois compoñen temas inspirándose nas súas vivencias, como aqueles xogares medievais. **Coñecen algún exemplo?**

Proposta II: Entrevista

A narrativa oral é parte fundamental do Camiño de Santiago... Nel non só atopamos elementos patrimoniais tanxibles ou naturais (tal e como fomos comprobando) senón que tamén dentro do patrimonio inmaterial atopamos a narrativa oral, que entretíña ou entretén o camiño dos peregrinos a Santiago, favorecendo o intercambio cultural entre as persoas que o percorren e as aldeas que atravesan.

Por tanto, este elemento patrimonial serve para proporciónar mergullar nas vivencias e experiencias doutros/as vinculadas ao Camiño, axudándonos a comprendelo. O docente terá como obxectivo presentar ao alumnado a memoria dos habitantes da zona e reconstruír, deste xeito, a memoria do Camiño nese lugar. Estes testemuños serán moi enriquecedores para recuperar anécdotas do pasado, hábitos e costumes e outro tipo de información que, habitualmente, non adoita estar reflectida nas guías de turismo da localidade, así como para apreciar a evolución que foi sufrindo o Camiño de Santiago co paso dos anos.

Propómosvos o formato entrevista, individual ou en grupo, mediante un traballo no que participen todos/as. Para comezar, imos marcar ben os pasos a seguir:

Que queremos coñecer co relato oral relacionado co Camiño de Santiago? Por exemplo, como mudou a localidade co paso do Camiño; como o lembra esa persoa; que significou para el/ela; como o viviu; como era antes o tipo de peregrino; como foi a súa relación cos/coas peregrinos/as que pasaban pola súa localidade; se fixeron o Camiño, como o viviron;...

Lembrede que non é preciso que o Camiño de Santiago pase pola vosa localidade para participar no programa formativo ou para coñecer a súa memoria. Sabemos que pola súa situación xeográfica, as rutas do Consello Xacobeo coas que traballamos son máis accesibles para algúns centros educativos, asociacións ou institucións. Porén, os relatos orais poden vir de xente que as teña realizado, de moi diversos lugares. «O Teu Camiño de Santiago» é unha metáfora vivencial que se converte en «patrimonio de todos».

- Antes de lanzarnos a preguntar, deberán recoller información sobre o que van descubrir por outras fontes.
- Elabore un cuestionario previo como guía, mais que a entrevista sexa como unha conversa informal, que flúa de xeito distendido.
- Seleccionar os participantes con coidado tamén será un labor previo importante en función dos obxectivos que marcamos. Escollede persoas de diferentes idades e grupos sociais.
- Á hora de realizar a entrevista, tede en conta as necesidades dos entrevistados: veñen á aula ou imos a outro espazo;...
- Grave as entrevistas como parte fundamental do proceso. Para que non queden no esquecemento, convidámosvos a gravar as conversas como rexistro de alto valor histórico: os seus relatos da memoria, anécdotas e lembranzas axudarannos a entender a outra historia do Camiño, todo o que quedou á sombra do máis coñecido historicamente.

Pensastes desenvolver o voso traballo de creación artística a xeito de documental?

- Unha vez obtida a información, será interesante contrastar algúns datos con fontes históricas para comprobar a súa veracidade. En moitos casos, as narracións orais son cuestionadas polo seu carácter subxectivo.
- Para finalizar, veremos se as conclusións serven para acadar os nosos obxectivos. Mais como xa dixemos, tan importante é o resultado como o proceso en si.

Proposta III: Collage

Algunhas sociedades que perderon a súa memoria e non valoran o seu patrimonio... chegan a importar patrimonio alleo. Ten sentido apropiarnos do patrimonio alleo e facelo noso por motivos estéticos ou turísticos?

Preguntade ao grupo se coñecen algún exemplo que poidan sinalar, como algunhas modas.

Imos escoller un elemento patrimonial que sexa un monumento e facer unha reinterpretación, é dicir, inserilo nunha contorna totalmente diferente á que ten usando fotografías e creando unha montaxe. Nun primeiro momento, podemos apropiarnos del, descontextualizándoo, reinventándoo, mesturándoo con outros elementos (que nos gustaría ter preto?) e separándoo da súa contorna orixinal, mais sería igual?

Unha das características do patrimonio cultural é que non se pode copiar sen que perda o seu sentido real, son inherentes a un determinado contexto, tempo ou grupo social.

Mais coidado, si que se pode dar o caso de que persoas dunha determinada comunidade leven consigo as súas propias manifestacións culturais e que as desenvolvan en novos espazos e acabe arraigando.

Preguntade ao grupo se coñecen algún exemplo que poidan sinalar.